

Recital de Xenebra

3-9-1988

Eiquí estamos pois na **Xenebra**, entre galegos, entre galegos todos, as dúas Sociedades Xenebrinas, e vamos comungar ca Galicia eterna nun auto tan ritual como é decir e oír poemas dos poetas do noso pobo. Iste é un rito que eu pratico como mester sabido.

Os textos, os textos dos nosos poetas clásicos, son os textos sagrados da miña relixión e pódoos decir como meus.

Pódoos decir sin maior violencia e sin distancia, pois **todo o que pasou ó meu pobo, pasoume a min.**

Todo o que pasou ó home, pasoume a min.

I os homes que hoxe vivimos, somos de tódalas edades. Vede senón, como experiencia vosa, a decisión de emigrar de este trovador galego dos séculos XII-XIII. Que crara visión da súa situación na propia terra e que firme, anque dolorosa, a decisión de remediala como vós fixestes!

Trátase de Nuño Eanes Cerceo, que tamén emigrrou no mil e pico, non se sabe pra onde, pois non nolo di no seu “descordo”, que así se chama este tipo de cantiga:

...

Non vos inquededes pola dificultade da poesía medieval galega ou galego-portuguesa, pois nela xa está a Galicia enteira que está en vós.

A dificultade é máis ben de léxico que de fondo. Pois trátase dun galego laborado pra trobar, non do idioma llano, anque non menos complexo e cumprido, do pobo. Pero a fala do pobo tamén amosa, eiquí i aí, a súa rodada frescura, a súa forma inconfundible de idioma, con todo o xeito da vida común, e non só de idioma especializado pra a poesía cortés. Escoitemos cantar como o crego compostelano Airas Nuñes a esta pastora que canta vellas cantigas, que xa eran vellas, ou ben conocidas, nos séculos XII e XIII.

E vede como bailan as tres mozas medievales, baixo as avelaneiras froridas que inda beiran hoxe moitos adros das ermidas ás que se fai romaxe.

Nestes siglos XII e XIII, tempos dos reis Fernando III e Alfonso X, *o sabio*, foi cando a nosa poesía acadou maior universalidade i espallamento, pois cantábase en

galego dende Galicia hasta o País Vasco, toda Castela e até Murcia i a Andalucía, que naquil tempo, estas últimas estaban sendo gañadas ós mouros.

Vexamos senón esta despedida que o almirante do mar, e señor de Rianxo, que tomou parte na conquista de Sevilla, pon en boca da súa amiga, ó velo partir: “íban ledas as velas e briosas as barcas como peito de namorado ou namorada, de quen inaugura a plenitude da vida que é o amor”.

E siguen outros trobadores de tan bon trobar que costa pasar, tan irados, sobre o calor i a gracia, sempre nova, dos seus cantos, nos que vós seguredes recoñecendo e comungando como galegos.

Vexamos ó desinhibido Xoán Airas, burgués de Santiago.

Algunhos saberedes que aquil “verdor” da poesía medieval galega, que era un dises raros verdores que por veces nos brindan as eiras, os tempos, como saíndose da historia, como escapando ó poder, do poder que a rixe. Aquil “verdor” dos séculos XII e XIII foi esmoucheando nos séculos XIV e XV.

Logo virán os chamados Séculos Escuros en que a nosa lingua foi relegada como lingua de moda, como lingua de cultura e como lingua oficial e quedouse cáseque en pura fala, como chegou até nós, até Rosalía, Pondal e Curros, que inauguran a Galicia moderna, na que se desperta a conciencia de identidade como pobo, a voluntá de recuperación da nosa lingua e cultura e [a] reivindicación do nosos autogoberno efetivo.

É xa, [Xoán] Manuel Pintos quen se ergue e fala con craridade, acusando o entreguismo galego fronte ós curiales da Administración española.

Rosalía, Pondal e Curros!

O despertar de estes poetas, os chamados “precursores”, parte dunha visión directa sobre o estado de penuria en que vivía a nosa terra, na segunda metade do XIX. Bastaba unha mala colleita pra que a fame caíra sobre unha Galicia que xa viña dendes do século XVIII relativamente superpoboada.

(Rosalía)

Ademais de ter muitas outras facetas, son poetas redentores, son profetas. Son poetas que chaman, que increpan, que incitan.

(Curros)

Son poetas patrióticos, e Pondal, o autor do “Himno” galego, é o noso poeta patriótico por excelencia e como tal el se ve a si mesmo.

(Pondal)

Puderamos seguir cos poetas, cos grandes poetas do século XX, pero xa non queda tempo. E como a xente quere oír os poemas de voz do propio poeta, cedo, pra decirvos algúns poemas meus.